

Lugar alén. Unha vereia na que escoitar as *Cántigas* de Valente

CARMEN BLANCO
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

A C. e a C.

A Alén

*Jamais entendu pareil silence.
La terre pourrait être inhabitée.*
Samuel Beckett

*Me llevó adonde
no había nadie.*
José Ángel Valente

A poesía levou a José Ángel Valente ao seu lugar. Onde non había ninguén. E, con ela, a poeta Rosalía de Castro tamén o levou a ese sitio solitario cando el lle abriu na súa casa a porta grande: *Se fue en el viento, / volvió en el aire. // Le abrí en mi casa / la puerta grande* (Valente 1980: 257).

Este escrito tamén abre e esperamos que leve. Abre un pequeno e particular camiño senlleiro a ese lugar de ninguén. E quere ser unha vía radial de lectura aberta na espesura da música das palabras coa escoita totalmente atenta ao son das *Cántigas*, cara ao seu centro.

O poeta di que se escribe por pasividade, por escoita, por atención extrema de todos os sentidos ao que as palabras acaso van dicir (Valente 1995: 12). Nós concordamos dicindo que tamén se le por pasividade, por escoita da voz gardada na escrita, por percepción extrema de todos os sentidos do que as palabras acaso nos van dicir. Este escrito é tan só unha lectura. Escoitamos.

LUGAR (A POSICIÓN)

O CANTOR NO ALÉN

As *Cántigas de alén* (Consortio de Santiago, Santiago de Compostela, 1996)¹ sitúan co seu nome o lugar do canto de José Ángel Valente. O lugar do alén. O máis alá de todo que é para el punto e centro sobre o que circunscribir o universo. Á vez espacio concreto e cotián aberto ao ilimitado infinito (Valente 1971: 16).

Desde este lugar canta escoitando a paxariña da memoria que traspasa, capa tras capa, materia, sociedade e individuo, con palabras de disolvente intelixencia poética encamiñadas á ineludible verdade práctica para a vida plena, estampada contra os poderes que ocultan e que se ocultan.

I

Amarelece acedo o tempo
e non hai tempo
para máis desdecir a morte.

Mariñeiro que levas
a barca do pasar,
na enxarcia a paxariña
inda di o seu cantar.

Escóitoo alén do tempo. (45)

O cantor no alén. Paxaro do paradiso. En Armenteira ou por insulas estrañas. Sen compañía. Condición do descondicionado. Mariñeiro contra a matriz do mal. Lonxe da estupidez do tumulto. Onde a lingua da liberdade fai aparecer pombas. E as palabras parten, altas, no ar, sen cor, soas e suaves: *paxaro que no ar infindo voa, / cara o hourizonte onde xamais se chega* (93). Onde a ave solitaria voa metida máis e máis na súa música. E soa. Como en Juan de la Cruz (Valente 1991: 19-21, 30, 69 e 162; Falces / Valente 1991).

Aquí o canto do paxaro é líquido. O tempo flúe na morte. Pero a palabra atinxe o tempo e recompón o mundo cando se encarna palpitando no silencio. O verbo faise carne e o escritor non pode máis que ter unha relación carnal coas palabras: *Kata Ioanen* ou *Cantar dos cantares*. Na epifanía da reconciliación co corpo e a materia pola gracia do eros unificante (Valente 1991: 34-35 e 44-52, 1994: 319-320, 1995: 11):

¹ As cifras entre parénteses farán referencia a esta edición bilingüe das *Cántigas de alén*, con textos casteláns en versións de César Antonio Molina e José Ángel Valente, introducción de Claudio Rodríguez Fer e gravados de Eduardo Chillida.

IV

O verbo.

Recompoñer o mundo
para máis ir poñendo
sobre unha morte outra
até atinxir o tempo
que se vai polo ollo
de luz da ponte.

Bandeiras sulagadas.

Noite

e señaará.

Latexa o verbo.

E este é o lugar elixido porque foi o que o elixiu a el, poeta, como Pimentel, que se abre para recibir a experiencia extrema na *terra allea e máis nosa, alén, no lonxe*, no *Alén*, na *Terra de alén, a nosa terra. E máis alá de alén, e alén de alén*. Como fan os corpos vivos compartindo amor coa música do gozo, canto eterno da paxariña. Ou como se fai ante os corpos mortos polo odio co silencio do medo, pranto polo efémero paxaro de prata morta. Un lugar sempre aceso na noite para a permanente memoria do pracer. E un lugar nunca extinguido nos días escuros para a necesaria memoria dos espantos:

V

Cerquei, cercache,
cercámolo teu corpo, o meu, o teu,
coma si foran só un soio corpo.
Cercámolo na noite.

Egueuse á ialba a voz
do home que pregaba.

Terra allea e máis nosa, alén, no lonxe.

Ouvín a voz.

Baixei sobor teu corpo.

Abríuse, améndoa.

Baixei ó outo

de ti, subín ó fondo.

Ouvín a voz na raia
do sol, no achegamento
e na inseparación, no eixo
do día e maila morte,
de ti e de min.

Fiquei, fun ti.

E ti ficache

coma ti es, pra sempre
acesa. (53)

PAXARO DE PRATA MORTA

(...)

Víanse dende o balcón da casa as luces, lonxe, moi lonxe, de Santa María de Melias. Tamén dende aquel balcón deberíase ouvir posibelmente o pranto polo Andrés Nieto, que morreu ou foi morto deseguida ós comezos da guerra, non sei onde. ¿Tiña sido en Asturias? Pranto e medo de tódolos xeitos naquel tempo, cando a terra estaba semeada de morte.

Eu tiña sete anos, neno de familia de ben e moi cristiá e de dereitas e cun tío frade, gracias sexan dadas a Deus, quen tiña morto naquel intre en moitas naciós, mais non na nosa invicta. O caso é que a min, na invicta, todos parecíanme vencidos, que tamén poderíamos dicir apagullados ou dados. Penso, nembargantes, que algús andaban máis estroncados que outros.

Cecáis por iso, meu pai levoume visitar ós seus máis apagullados amigos. Chamábanlles roxos, inda que pola coor —home roxo, can rabelo— un non se decatara tanto. Levoume cabo deles ó mosteiro de Oseira. Si, alí fiquei eu, neno, ollando ós roxos. Eles tamén me ollaron e non sei ben qué sorte de troque houbo nise ollar. Endexamáis o esquecerei. Roxos, polo seu malfado, ben se vía que o eran, coitados.

Entre eles, o Abelardo da chocolatería, que foi fornecedor dourado da miña menineza. Ficaba un sobrecollido e cáseque con desexos de chorar. E non había pra facelo nin causa nin porqué, supoño agora. Aqueles roxos tiñan sorte. Ían sobrevivindo. Estaban alí. Outros non estaban. Ou xa non estaban. Ou nunca estiveron. Para sempre.

Meu pai, inda que dereiteiro e do corpo dos Cabaleiros de Santiago, ou falanxes de segunda línea, negouse a saír ó mencer nos camiós —pra que tiña que ter saído, nós os cativos nono sabíamos— e foi arrestado. Ninguén nos crarexaba o segredo. Nós íamolo ver no arresto e el ficaba malencónico.

Eiquí, neste punto e hora, nesta malenconía, crítica e biografía converxen ou son de feito a mesma cousa. Auga que move o mesmo muíño. Xa nós, agora que somos coma Krapp, que estamos escoitando coma Krapp a fita derradeira, non temos tempo nin vagar para a crítica coma metodoloxía. Xa só sentímo-la crítica como afinidade ou cáseque, diríamos, como autobiografía. Nesa afinidade de reigaño é onde fai Pimentel a súa aparecencia.

Fidalga e fonda figura. Paxaro de prata viva. Pimentel. Sonoridade do nome. Segredo da persoa. Ninguén no seu tempo e na nosa lingua falou poeticamente con misterio maior. “Máis alá da néboa, máis alá do mar, máis alá da chuva, máis alá do bosque”. ¿Onde? Alén. Terra de alén, a nosa terra. E máis alá de alén, e alén de alén, ¿qué viches, Pimentel?

Un home morto na cuneta. Unha muller que chora. O nada. Paxaro de prata morta. Ficaba noso pai, no arresto, malencónico. Os camiós do mencer semeaban de mortos as cunetas. Onde nós dicíanlle levar alguén ás claudias ou claudialo. Canta soidade no ar. Canta na terra. Cantos segredos enchen, Pimentel, as túas verbas de luces e de sombras. (81 e 83)

ITINERARIO (A POÉTICA)

DA ESCURIDADE ASOMBRANTE Á LUZ QUE ASOMBRA

Neste punto norte e sur do alén, o alento poético é a poética da lonxanía. Unha poética de xestación. Unha poética en proceso. Onde o poema non se escribe, *se alumbra*; a palabra poética só se reconece no seu fluír (Valente 1995: 10-11); e a propia poética, como a poesía, é o itinerario que vai do sitio da escuridade asombrante dada ao lugar da elixida luz que asombra. Do ocaso da fin e do principio onde morre o sol ao reflexo revelado do fulgor que dilúe os contrarios, sementando o sol na noite e levando este mundo a outro mundo, de ningures a algures. Como na vía vital que levou o poeta do escuro lugar do Ourense no que naceu ao luminoso lugar de Almería no que encontrou unha casa:

SUB NOCTE

Remexede nas cinzas do crepúsculo.
Si nelas atopárades
o sol, será como unha vella
moeda esverdeada do ferruxe.

Limpádeo.

Brilará
na morna luz do esquecemento.

Tendede a mau, tendédea,
tendede a mau co sol,
inda que naide vexa o sol,
para que fique así o sol
semeado na noite. (61)

Ver é nacer para máis alá da morte. Partir da perpetua apertura. Terrible matriz da ausencia inicial necesaria. Para a pulsión permanente. Dinámica inacabable do desexo eterno creadora de comezos que non teñen fin. Contemplación hiperconsciente e panexpansiva. Lugar do loto. Intensidade, anterioridade, interioridade e inminencia. Entón sementada sempre en nós asoma no serán do soño a palabra preñada. Agardar ver vir a verba e facela fermentar e espertala para futuras albas de pan e utopía (Valente 1991: 62-66):

ASEDIO

Incorpóranse as verbas
como do alén dun soño,
do alén do tempo e do acordar.

Serodías verbas non nadas inda
asedian os meus beizos
ó caer da serán.

Seitura, as verbas,
de qué fonda semente,
formento
de qué lonxano pan. (63)

FONTE (A SABEDORÍA)

A NAI QUE MANA

Porque aquí no alén sabe da fonte aínda que é de noite e a súa sabedoría bebe da nai que mana desde os comezos. Antes de nada Antígona. A que pronuncia outras palabras porque non está feita para compartir o odio senón o amor. Ela fala libremente e libera a lingua e a vida de todo totalitarismo que ate e de calquera institucionalización que corrompa (Valente 1971: 39-50 e 51-58). É implacable porque non ten medo nunca. E di sen temor o que pensa e o que sabe. Como Rosalía. Tamén nel sementada. Como Zambrano. Nais que o unen ao mesmo centro da terra. E nel igualan coa vida, o pensamento, a palabra e a poesía:

ROSALÍA

Volveu no aire.

Alongouse nas verbas
ata atinxi-lo mar.

As brancas barcas lévante no lonxe
con fitas loiras
por enriba de nós,

e nós

velamos os teus ollos
nunha gota de chuvia
que se nos vai abrindo
cara o dentro de ti
como o teu margurado corazón
se abriu.

Ficou.

—*Ahí va la loca*

soñando.

E vas, e aínda vas
do soño escuro polo eixido, tola
de noite e señaída.

Nas sombras, soia,
acesa, branca
sombra, sombra túa e de nós.

E agora en nós,
tan húmedos de mai, sementados de ti
como a terra en lentura, o verbo xurde
das lamas para sempre do teu fondo. (77)

FIGURA (O MESTRE)**O NENO NACIDO**

O mestre é entón o neno nacido que come o pan que a nai molla na claridade da mañá para desnoitalo. E ten así figura de rapaz sabio con floco sobre a fronte. A imaxe corporal do propio poeta:

NENIA

Ouveaban os cas.

A chuvia

caeu do esluído
ceo do teu ollar no máis adentro
de min.

Eu inda como o pan que ti mollabas
no brancor da mañá e nos teus beixos
pra desnoitar ó neno
que fun, que son, agora que somente
podería partir, con quén, o pan,
o mesmo pan que ti me tiñas dado. (71)

BALEIRO (O ESTRANXEIRO)**OS NINGUÉNS NON NACIDOS E OS NACIDOS EN NINGURES**

Pero indo aínda máis lonxe o neno medra para máis adentro e o poeta é tamén os ninguéns non nacidos. Os seus eus non nados. A nada del. O estranxeiro. Daquela vive o baleiro da perda na modestia da existencia obrigada e canta melancólico a ausencia de todo o que non foi, dicindo *Baleiro vou de vós*, e a ausencia de todo o que se derramou co tempo, recoñecendo os *rostros que o ollaron sen velo*, retratándoo estraño nas propias patrias primeiras —corpo, terra, lingua, nenez...—, *extranjero, como todos nosotros* (Valente 1980: 372; Blanco 1998: 37-47). Mais queda aínda a consciencia da memoria que nomea a vida mentres dura a última fita de Krapp:

FIGURA

De todo o que non fun
ficou a ausencia,
máis real que nos mesmos.

Coitelo da door do que non fumos,
fondo ferir o pranto do non nado.

Outeiros onde vín o moucho lonxe,
corredoiras da noite e sombra sombrecida
a dos meus eus sen mín fuxidos.

Camiño que non fixen,
amor que non ameí e nome cego
de mín que ardeu sen terme sido dado.

Valeiro vou de vos.

I é tarde

e tarda a sombra aínda, longa sombra
onde soio serei
no endexamáis figura, coma vós,
desta malenconía. (73)

Hoxe que é luns e teño unha tristura
morna e oficial
coma folla de outono,
erguín o corpo según ben poidera
e respirei co ar
tan só anxos de esquenzo.

Ai, hoxe, meu amigo,
no marbre desta mesa de café
de alén da meniñeza
cantos rostros me ollaron
sen me ver.

Son eu

o que inda pode nomealos.

(*Cobiza do lonxe*) (91)

Estranxeiro de si mesmo, o poeta sabe das numerosas máscaras e sabe igualmente desfacerse delas para sentir ese outro baleiro absoluto da existencia total que dissolve a persoa na verdade sen simulacros, *para sempre alén, no alén das máscaras*:

VI

Acorda no serán.

Nós fomos

un modesto fenómeno no antano.

Déitase o vento agora, irmán.

Non sei si fomos.

Pois así

fiqamos esquecidos
de nós, valeiros xa
ó fin de nós,
para que sexa iste para nós
o soio tempo da verdade. (55)

MÁSCARAS

¿Qué fica das persoas cando a persoa se dissolve, desaparece, voa detrás do ar, das cousas do día, do límite indeciso da noite, da demanda imperiosa do seu próximo, do agora xa case inexistente amor que un día abrasou o ceo, do hourizonte infindo, dos ríos que son camiños que andasen para nunca nos levar a lugar coñecido, das ás dos paxaros, do tumefacto corpo devorado dun deus e dos seus

sacrificadores, do lugar da chave e do tesouro para sempre escondidos, de ti e máis de min, qué fica desta sombra?

Podería ficar unha morna mancha de inocencia e de cinza e, por baixo, o rescaldado, a fáiça do lume, do ser que foi, do que latexa aínda, do que aínda será, do que non será nunca, do que xamais ten vido.

Disolverse, dixeches, ou nacer para sempre alén, no alén das máscaras. (85)

Renacer. Volver nacer noutro sitio. Ou non nacer. Ou nacer xa en ningures. Onde non hai ninguén. Proxección abismal da persoa. Cara adentro. Sempre cara máis adentro. Contra cando “a nosa vida non é a que vivimos”. Ter a absoluta lucidez final da máis inaprensible e cotiá verdade práctica da poesía da vida e dispoñerse a entrar sinxelamente, como Quijano, no noso lugar (Valente 1971: 19):

Eu nacín en ningures. Ou non nacín. Ou nacín —de ter nacido, se ben cadra— nun lugar que xa non existe. Por iso lle chamo Augasquentes. Non lle atopo outro nome na miña memoria, por máis que nela furgo. E por iso ninguén podería probar que non se chama así. Ou pode que Augasquentes fose o nome da face non visible dun lugar que cecáis se designase no mapa doutro xeito. Entón, vai saber ti ónde eu nacín, de ter nacido, digo.

Porque tamén a casa onde coído aqueceu ese presunto nacemento ten sido demoida e xa nada fica dela, nin cimentos nin ren. Pantasma, imaxe da lembranza. Parque de San Lázaro, santo moi da miña devoción o probe Lázaro. (81)

CENTRO (A NADA)

O IMÁN HÚMIDO

Este libre lugar de nacemento é o máis alá espido da nada que contén o centro. A vida. A auga. As lamas húmidas. Imán da humidade. Lugar dos lugares. Augasquentes. A orixe. Onde todo conflúe. O mar, a fonte e o río do canto. A bebida e a voz que corre e conta e que fai o retorno imposible porque alongarse é unha maneira de *ficar para sempre*. Fluír pertetualmente. Auga e música. Espacio e tempo. Máis alá dos contrarios. Aquí e alí. Arriba e abaixo. Preto e lonxe. Val e monte. Onte e mañá. Cedo e tarde. Día e noite. Luz e escuridade. Pedra e líquido. Rama e mar. Marcha e retorno. Principio e fin. Creación e destrución. Vida e morte. No “Dicer de tódalas augas”. Tamén na cántiga III. Como nos eternos rumores recollidos na 103 alfonsí. Porque tenue é o fío de fogo, auga e aire que nos fia e non nos suxeita ao semprevivo centro da terra (Valente 1995a: 78 e 87):

DICER DE TÓDALAS AUGAS

Da beiramar fuxín,
subín ó monte.

Hoxe dícenme as augas:

—Mañán é onte.

Pra non morrer,
 pra non morrer endexamais de morte,
 a frol da acacia levo
 veciño e lonxe.

Coa ponla loura,
 veciño e lonxe,
 as augas alumeo,
 anque fai noite.

Na peneda furada
 bebín meniño.
 Das augas da peneda
 fixenme río.

Fíxenme río e río
 e mar e fonte.
 Chamádeme samente
 coa miña voce.

Coa miña voce, na miña voce,
 alonxáronse as augas:
 ficou a ponte. (65)

III

Escoita, mai, voltei.

Estou no adro

onde aquel día o grande corpo
 de meu abó ficou.
 Inda oio o pranto.

Voltei. Nunca partira.

Alongarse samente foi o xeito
 de ficar para sempre. (49)

Seguir sempre así aínda máis alá na contemplación. Ata a cesación dos medios e a final doutrina da nada. Como en Molinos (Valente 1991: 114-116). Ollar no baleiro do ver. Porque no baleiro está o lugar sen lugar do sentido. A nada e o centro. A disolución da identidade ao *irse / meu eu de min*:

DE AMIGO

E olla meu amigo.

Agora

perante nós
 o nada xurde derradeiro
 coma toda orixe.

Olla no valeiro do ver.

Aonde, dime, agora, ou en cal peito
 baixaría a mañán
 para alumear os páxaros
 que endexamáis voaron
 das miñas maus ao día.

Imaxe de ninguén
 en tódolos espellos.

A ponla do mencer
 esmoreceu na noite
 e ti no irse
 meu eu de min.

O nada.

E olla meu amigo. (75)

Aniquilación total tamén. Contra a avidez e a apropiación de bens, pedestal de todo poder. Desposesión absoluta. Impugnación da propiedade e reivindicación da soidade (Valente 1991: 19-21 e 91-92). Vacuidade. Liberdade plena para entrar e estar sempre en todo:

Quero ficar así, solo, no lonxe,
 sen ninguén, sen naide,
 paxaro que no ar infindo voa,
 no baleiro do ar
 cara ó hourizonte onde xamais se chega,
 e nunca xa poder —ficar así—
 voltar á orixe para sempre borrada.

(*Cántiga do eterno inretorno*) (93)

Centro sempre vivo contra a imposición. Contra a morte. *Pra non morrer, pra non morrer endexamais de morte* (65). *Para máis non morrer* (67). Navegar no só mar da verdade espida. Como Manuel Antonio. Na autenticidade máxima. No máis digno. Como Dieste:

HOMAXE

Si fóramos aínda pola noite,
 pola mollada noite das areas,

si contigo tivéramos ollado
 o mar,

si as mesmas verbas foran,
 eiquí e agora, nosas,

si coma ti morréramos,
 para máis non morrer, na raia
 onde se axuntan o deus
 co valeiro do deus
 e xurde unha luz nova,

si para sempre as augas navegáramos
onde ficache ó fin desnudo,

e si de mau en mau
nos díramos a prenda e o sinal
do teu futuro ou do teu soño.

Mais ti voltache
como voltan os héroes e os reis mortos
na non distinta luz do amencer.

Na fiestra valeira
deixache qué: un coitelo,
o gume agudo dunha verba
pendurada no ar, teu desdibuxo
e tua côr de esquezno.

Latexa a frol do ar. (69)

O alén está no mar. Nos camiños rianxeiros da Arousa. De emblemáticas partidas e chegadas definitivas para a vida e para a morte. Ou aínda máis lonxe. No cabo do mundo dos confíns da Capelada. Lugar do Lonxe, por antonomasia. Teixido. O centro máis extremo e ancestral. Lugar da permanente e repetida procura. Sempre anxeiada. Por amor. Coa paixón da flor. Ou co *ágape* da pomba:

ROMAXE

Ó Santo Andrés do Lonxe
hei de ir.

Polo ar da transparencia
hei de ir.

Nas follas que o vento puxa
fun e volvín.

Ó Santo Andrés do Lonxe
hei de ir.

A pomba e máis o loureiro
viciño do mar os vin;
paxariña que outo voas,
lévame alí.

Do fondo do mar viñeches
feito de miga de pan,
a rosa de amor traías
acesa na túa man.

Viñas polo mar do fondo
e polo ceo de enriba;
viñas axiña e dispacio,
non chegabas, pero viñas.

Hei de ir.
 Por amor e por amigo. (87 e 89)

AMOR (O ALÉN)

A OUTRA LUZ

Contra a morte. Amor. Contra a desventura do século. E dos séculos dos séculos. Amor. Ventura. Alén. Lugar de elección. Illa do alento libre. Onde poder partir o pan. Compartir os corpos. E comer o caldo. Baixo outra luz:

VII
 Esmorecen os soños,
 cae a noite na noite.
 Non hai luz que non sexa
 o brancor dos teus seios.

Aíllame no alento.

Que eu poida ouvir aínda,
 como Alexander Blok,
 o chíio das galaxias
 cando brile no ceo a cauda acesa
 do cometa Halley e cando todos
 os sinais do fin
 teñan sido xuntados.

Imos

cara ó serán, amor, do século
 sin saber si inda hai
 ventura saecula
 ou si a face do enigma non será
 nosa face no espello
 e si tódalas verbas
 non se terán,
 sin sabérmolo nós, de seu comprido. (57)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BLANCO, Carmen (1998): "A subversión múltiple. 'Estranxeira na sua patria' de Rosalía de Castro", *Unión libre. Cadernos de vida e culturas* 3, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 37-48.
- FALCES, Manuel / VALENTE, José Ángel (1991): *Las insulas extrañas. Lugares andaluces de Juan de la Cruz*, Madrid, Junta de Andalucía-Turner.
- VALENTE, José Ángel (1971): *Las palabras de la tribu*, Madrid, Siglo XXI.
- (1980), *Punto cero (Poesía 1953-1979)*, Barcelona, Seix Barral.

- (1991): *Variaciones sobre el pájaro y la red precedido de La piedra y el centro*, Barcelona, Tusquets.
- (1994): “Kata Ioanen”, Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Material Valente*, Madrid, Júcar, 319-320.
- (1995): *Material memoria. Trece años de poesía 1979-1992*. 2ª ed., Madrid, Alianza Editorial.
- (1995a): *El fin de la edad de plata seguido de Nueve enunciaciones*, Barcelona, Tusquets.

POSTSCRIPTUM (SHAKESPEARE VOLVE A STRATFORD) TERÁN SENTIDO²

A Lucila e Patricia
A Lola e Alicia

“Serán ceniza...” Primeiro e último poema de José Ángel Valente. Primeiro poema de *A modo de esperanza* e último poema da súa vida. As cinzas do seu corpo. “Toco esta mano al fin que comparte mi vida / y en ella me confirmo / y tiento cuanto amo, / lo levanto hacia el cielo / y aunque sea ceniza lo proclamo: ceniza. // Aunque sea ceniza cuanto tengo hasta ahora, / cuanto se me ha tendido a modo de esperanza”. Tendo eu agora esta ponte de palabras que se escriben soas e sen peros proclámoo: terán sentido.

Todo ten, á fin, clarísimo sentido. Fixeches todo o itinerario. Regresa o cadáver ao lugar do arraigo. É restituído o corpo á auga desexada do repouso. Como Aquiles e Ulises xusticieiros tiñas as túas razóns (ademais non aturabas a estupidez), “aunque después de tanto y tanto no haya / ni un solo pensamiento / capaz contra la muerte”. Descansa na paz da nada que permanece. Es nada. Pero sabes que non estarás só.

E a cabalería á vista das augas descendía. Na fin, de novo, Juan de la Cruz. O día de Mariña, a de Augas Santas, morrías. Tamén o día da outra Mariña, a serea do silencio que fala cando lle botan o fillo á fogueira e bota entón ela o cacho de carne pola boca. Só palabras substanciais e necesarias. Saídas das entrañas profundas. As túas.

² Feito o escrito antecedente en decembro de 1999 engádense estas palabras finais fiadas despois da morte do poeta en Xenebra, no mencer do 18 de xullo do 2000, e ultimadas nas vésperas da inhumación das súas cinzas no cemiterio de San Francisco en Ourense, o 27 do mesmo mes. O día da morte parece ter escollido ao cantor precisamente porque el odiaba e amaba a memoria dese día que aína a data nefasta do alzamento militar contra a República, que tanta desventura trouxo ás vidas do seu século, e a festividade de Santa Mariña de Augasantas, mártir galaica de estendido culto e rituais de auga e lume, que se venera nos lugares orixinarios de Armeá, en terras ourensanas de Allariz, nun vello centro sagrado con restos de pedras ancestrais. Pero o propio poeta escollera de antemán o lugar do seu repouso final: o panteón familiar do vello cemiterio de San Francisco que el mesmo contribuíra decisivamente a preservar da demolición e onde con anterioridade trouxera desde Xenebra, en cerimonia íntima e persoal, as cinzas do seu fillo. Estes feitos biográficos altamente significativos son os derradeiros trazos dun poeta galego do exilio que quixo morrer e queimar o seu corpo en Xenebra e quedar en Ourense en cinzas posto no lugar do amor con amor e con amigos.

E ás túas augas volves. Rosa branca. Pura contradicción. De Rilke. Da amiga do amparo. Do amigo emigrante. Marchaches. Fixérase unha lixeira equipaxe de exiliado para os sucesivos exilios voluntarios. Sucesivos divorcios e repudios de nós, de ti, dos outros. De ti mesmo. Sobre todo de ti mesmo.

Finalmente cumpriches o camiño dos corpos na paixón. A vía occidental ás augas. Para pechar o círculo. París. Compostela. Madrid. Almería. Xenebra. Ourense. Parando en todos os lugares. Fixeches de morto a viaxe que non remataras de vivo continuando o periplo para entrar no teu lugar. O lugar da manifestación. Onde todas as paisaxes se unifican. A cidadela sitiada que se proclamará un día. Como a túa palabra libre. Que non obedece. E chegas feito cinza. O resto *Teresa in capella Cornaro*.

Aquí queda queimado o corpo como se queima o libro escrito con letras de lume para que renaza das propias cinzas. As túas palabras quedarán para sempre como caeron. Coa precisión da cinza e do corpo que cae sentida por Lezama. Enterramos segura semente xerminal en Augasquentes. Cinzas. Memoria do lume. Incesante memoria. Residuo. Restos cantables. Volverán arder. Terán sentido.